É por iso que se descoñecen os valores a aplicar, publicándose unicamente a Orde HFP/885/2017, do 19 de setembro, pola que se establece a relación de municipios aos que resultarán de aplicación os coeficientes de actualización dos valores catastrais que establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

Polo que se poderá prever orzar polos mesmos importes aplicables a este exercicio.

Esta Orde surtirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2018; así, este incremento ou diminución na recadación como consecuencia da aplicación dos coeficientes de actualización deberá terse en conta á hora de elaborar o orzamento 2018.

Así visto, estes son os principais puntos a ter en conta polas EELL nos Orzamentos Municipais de 2018, coñecendo que outros puntos poderán abordarse podendo afectar á os Concellos.

Outras posibles medidas que podería introducir a LOXE de 2018:

Subida das Pensións. Rebaixa fiscal, que podería afectar ao IVE CULTURAL, diminuíndo o mesmo do 21 ao 10%. Ampliación en 5 semanas do permiso de paternidade.

Polo que perante a falta de máis información no que respecta aos Orzamentos Xerais do Estado de 2018 e dada a conxuntura política que existe en España actualmente, por prudencia estas son posibles incidencias a destacar nos Orzamentos das EELL para o exercicio 2018.

En resume, no que afecta aos orzamentos das EELL cabe destacar :

PGE 2018	
Déficit	0%



Tasa de referencia do PIB para a regra de gasto	2,4
Gastos de personal	NON AUMENTO con respecto a 2017
Entregas a conta na PTE	mesmo 2017
Inversiones financieramente sustentables	Non uso do superávit en 2018
Coefficiente de actualización dos valores catastrales	Previsión cos últimos importes publicados

Por todo elo, os concellos ao longo do exercicio 2018 deberán proceder a introducir ao igual que neste exercizo 2017 as medidas que na Lei de PXE de 2018 lles afecten a través da modificación orzamentaria que corresponda.

LÍMITE DE ENDEBEDAMENTO

A Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 (PXE 2013), regulou os límites para a formalización de novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, é dicir, o LÍMITE AO ENDEBEDAMENTO local, debuxando tres posibles escenarios:

a) As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos.

b) As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva entre o 75% e o 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán formalizar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das Entidades locais.

c) As Entidades locais que presenten aforro neto negativo na liquidación do exercicio anterior ou débeda viva superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, **NON** poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

No articulado da Lei 3/2017, de 27 de xuño de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 **NON** se establecía ningún cambio en relación cos límites ao endebedamento das entidades locais, por tanto, tendo en conta a vixencia indefinida da DF 31ª da Lei 36/2014 de 26 de decembro de PXE 2013, prorróganse os límites incluídos na Lei de Orzamentos de 2013

Respecto da regulación do MARCO LEGAL para o REFINANCIAMENTO DE PRÉSTAMOS A longo prazo, ao contrario que en anos anteriores, a Lei 48/2015 de 29 de outubro de PXE 2016 nada establecía ao redor da posibilidade de refinar operacións de débeda polas EELL.

Desta maneira, desaparecen as limitacións establecidas para os exercicios 2014 e 2015 (necesario ter o exercicio liquidado, aforro neto positivo e débeda inferior ao 75%); e no exercicio 2016 e 2017 poderase refinar calquera tipo de operación de préstamo, independentemente da data de formalización, cumprindo a condición de que a nova operación cumpra o principio de prudencia financeira.

Respecto do INTERESE LEGAL DO DIÑEIRO



Como vén sendo habitual, a Lei 3/2017 de 27 de xuño de PXE 2017 a través da Disposición adicional cuadraxésima cuarta dispón o tipo de interese legal do diñeiro, quedaba establecido no **3,00 %** ata o 31 de decembro do ano 2017.

Igualmente e para o mesmo período o interese de demora será do **3,75 %**.

E o interese de demora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, será o **3,75 %**.

En materia de servizos públicos, o Concello de Ares deberá seguir emprendendo as actuacións que sexan necesarias para a mellora da eficiencia na súa prestación, de maneira que se eviten duplicidades na actuación das Administracións Públicas, e **levará a cabo os compromisos que se adopten en materia de reordenación e racionalización do sector público local.**

É de significar a necesidade de cumprir estrictamente o Plan de Axuste a que está sometido este Concello; Plan de Axuste aprobado polo Pleno do Concello na sesión do día 28 de marzo do 2012 e valorado favorablemente pola Secretaría Xeral de Coordinación Autónoma e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data 30 de abril do 2012, no marco das medidas previstas no Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago ós provedores das entidades locais.

O Plan de axuste aprobado, estenderase durante o período de amortización previsto para a operación de endebedamento do art. 10 do Real Decreto-Lei 4/2012, debendo os orzamentos xerais anuais que se aproben durante o mesmo, ser consistentes co mencionado plan de axuste.

Insistese por esta Secretaría-Intervención no marco dun escenario de saneamento económico, a necesidade de acompañar o Plan de Axuste dunha forte disciplina fiscal, acudindo a incrementar as medidas de contención/redución do gasto corrente e da eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha redución dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, redimensionando a estrutura de personal ao servizo da Entidade.

DÉCIMO SEXTO.- Figuran nas Bases de Execución do Orzamento a previsión e dotación de tres adicacións exclusivas, incrementándose a dotación de asignación a grupos políticos a 20.200 euros.

Convén destacar en relación ás adicacións exclusivas que a súa percepción é incompatible coa de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que forma parte, segundo a redacción que a Lei 14/2000 lle dá á Lei 7/1985. Os importes das axudas de custo dos membros da Corporación, dos gastos de locomoción, das asignacións por asistencias dos membros da Corporación e demais indemnizacións quedan fixadas nas contías que se establecen nas Bases de Execución deste orzamento.

Os capítulos terceiro e noveno da clasificación económica dótanse coas cantidades necesarias para atender o pagamento de intereses e amortizacións previstos para a débeda desta Corporación durante o exercicio incluída a nova operación de préstamo suscrita ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para



establecer un mecanismo de financiación para o pago ós provedores das entidades locais, sendo de destacar que tras as medidas adoptadas pola Corporación co acordo plenario da sesión extraordinaria do día 11 de xuño do 2014 relativo a adhesión ás condicións previstas na Resolución de 13 de maio de 2014, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, pola que se dá cumprimento ao Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de 24 de abril de 2014, para a modificación de determinadas condicións financeiras das operacións de endebedamento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, e que permite a aquelas entidades locais con débeda pendente de amortizar por operacións formalizadas con entidades financeiras derivadas da primeira fase do mecanismo do pago a provedores, a posibilidade de ampliar o prazo de amortización e de carencia, así como a rebaixa do tipo de interese dos préstamos formalizados no marco da 1ª fase do Plan de Pago a Provedores. Dita adhesión ás novas condicións financeiras das operacións de endebedamento formalizadas na primeira fase do mecanismo de financiamento para o pago a provedores coa opción elixida : opción 3, supuxo optar pola redución máxima do tipo de interese nuns 140 puntos básico, á cal se descontará o posible conste de intermediación bancaria por cambio de operativa e contratos, mantendo os actuais períodos de amortización e de carencia.

Así, cabe significar que a Entidade Bankia comunicou en setembro do 2014 os novos tipos aplicables á operación de préstamo subscrito co FF.PP pasando dun interese do 6 % a un interese do 4,020% e un tipo TAE do 4,140%. Dito tipo de interese en virtude do acordo adoptado pola Secretaría General del Tesoro y Política Financiera o 5 de febreiro de 2015 será do **1,311 %**.

En materia de ingresos e particularmente respecto dos recursos ordinarios (capítulos primeiro a quinto), consígnanse todos aqueles que legalmente corresponde percibir e cuxa liquidación se prevé realizar durante o exercicio. Para isto, tomáronse como base os padróns fiscais do exercicio anterior e a recadación obtida nel polos distintos conceptos de ingresos, as ordenanzas en vigor, as subvencións xa concedidas ou recibidas ou ben que está previsto ou é habitual recibir e mais a restante información da que se dispón. A maior parte das modificacións son o resultado de aplicarles aos dereitos liquidados en exercicios anteriores, as porcentaxes de aumento previstas polas distintas disposicións así coma os previsibles aumentos das correspondentes bases impositibles, sen prexuízo da utilización dos datos concretos que xa se coñecen.

É de destacar en relación aos ingresos a continuación da aplicación das medidas previstas no Plan de Axuste (Pleno do 28-03-12, BOP núm. 209, do 2-11-12), así como medidas adoptadas no marco de solventar a situación económica do Concello, cunha situación de tesourería que sigue mellorando e coas medidas de saneamento introducidas co devandito Plan de Axuste, seguirá mellorando a situación económica e financeira do Concello no presente exercicio económico.

MEDIDAS ADICIONAIS : O Concello de Ares, para seguir na senda do saneamento económico, fai como anos anteriores uso da facultade permitida pola Deputación Provincial de destinar parte dos fondos do POS + 2018 (440.428,83 €.) ao financiamento de gastos correntes, investimentos, amortización préstamo e pago a provedores **nos seguintes termos :**

Reducción débeda	136.185,23 €.
Investimentos	99.420,68 €.



Gasto corrente	133.369,85 €.
Honorar. Redacción proxectos	20.200,73 €.
Pago provedores	51.252,34 €.

DÉCIMO SÉTIMO.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.- A estabilidade orzamentaria é obxecto de informe adicional realizado con data 29 de novembro de 2017.

DÉCIMO OITAVO.- SITUACIÓN ECONÓMICA. Nos termos sinalados pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro con data 27 de novembro de 1998 pola que se autoriza a concertar unha operación de préstamo por importe de 21.383.216.- ptas., autorización solicitada ó abeiro do artigo 54.3 en relación co 50, parágrafo carto, apartados cinco e sete da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada pola Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social, establece a prohibición para o Concello de non producir incrementos da débeda viva bancaria a longo prazo, en tanto en canto non se conquiran cifras de aforro neto positivo.

A liquidación (última) do orzamento do exercicio de 2016 foi aprobada por Resolución da Alcaldía número nº. 77-B/17 de 28 de febreiro de 2017, cunhos ingresos correntes liquidados ou devengados de **6.289.265,91 euros**.

Cando unha Administración Local decide acudir a un préstamo a longo prazo debe ter en conta os artigos 49 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, é dicir debe dispor de aforro neto Positivo e non superar o **110% dos recursos liquidados**.

Así para a determinación do aforro neto e dos ingresos correntes a efectos de calcular o nivel de endebedamento, teráse en conta a liquidación do orzamento do exercicio 2016 ou anterior liquidado, e no seu caso, as cifras deducidas dos estados contables consolidados, con suxección a aquela norma e á de estabilidade orzamentaria. A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse tódalas operacións vixentes a 31 de decembro de 2017, incluído o risco deducido de avales e incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada ou proxectadas en 2018 se has houbese.

De acordo co anterior, no exercicio económico 2018, as entidades locais e a súas entidades clasificadas no sector Administracións Públicas que liquiden o exercicio 2016 –no presente caso por non estar ultimada a liquidación do exercicio 2017-, con aforro neto positivo, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para a financiación de inversións cando o volume total do capital vivo **non exceda do 110 por 100** dos ingresos correntes liquidados ou devengados, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados.

No articulado da Lei 3/2017, de 28 de xuño de PXE 2017 NON se establece ningún cambio en relación cos límites ao endebedamento das entidades locais, por tanto, tendo en conta a vixencia indefinida da DF 31ª da Lei 36/2014 de 26 de decembro de PXE 2013, prorróganse os límites incluídos na Lei de Orzamentos de 2013.



A Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 (PXE 2013), regulou os límites para a formalización de novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, é dicir, o límite ad endebedamento local, debuxando tres posibles escenarios:

a) As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos.

b) As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva entre o 75% e o 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán formalizar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das Entidades locais.

c) As Entidades locais que presenten aforro neto negativo na liquidación do exercicio anterior ou débeda viva superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, NON poderán concertar operacións de crédito a longo prazo. Liquidación orzamento 2016 :

INGRESOS

I	2.070.304,06
II	39.044,86
III	1.654.283,98
IV	2.520.939,10
V	4.693,91
	6.289.265,91

GASTOS

I	1.818.301,08
II	2.621.151,95
IV	382.287,37
	4.821.740,40

GASTOS

IX	638.766,50
III	97.332,32

736.098,82

Ingresos correntes (Cap I – V)	6.289.265,91
Gastos correntes (Cap I, II y IV)	4.821.740,40
Anualidade teórica da débeda (Cap IX + III)	736.098,82



AFORRO NETO	731.426,69
-------------	------------

Situación da Entidade Local en términos de debeda viva coa liquidación 2016 (31-12-16) :

	DEBEDA VIVA TOTAL consolidada	3.086.410,78 €.
/	INGRESOS CORRENTES [Liq. 2016]	6.289.265,91€
=	% DEBEDA VIVA	49,07 %

	DEBEDA A CORTO PRAZO TOTAL	0,00 €.
=	% DEBEDA A CORTO	0 %

Significar que coa liquidación do orzamento 2017, mantendo os dereitos liquidados do exercicio 2016 ten que diminuír a carga financeira expresada anteriormente, e doutro lado a débeda viva no ano 2017 é :

- Débeda viva a 30-09-2017 :2.697.337,28 €.
- Débeda viva a 21-12-2017 :2.548.706,36 €.

Conseguíntemente redúcese a débeda no exercicio 2017 en relación ao 2016 en 369.073,50 euros. E por conseguinte coa estimación dos dereitos liquidados igual que o ano 2016, a carga financeira sería do **40,52 % ao finalizar o exercicio 2017.**

Para ese efecto nos termos sinalados pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro con data 27 de novembro de 1998, por esta Secretaría-Intervención advírtese sobre o risco de manter a actual estrutura de ingresos e gastos correntes, se ben coas medidas adoptadas nos orzamentos anteriores dos exercicios 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 e o Plan de Axuste corríxese dita estrutura. Esta Secretaría-Intervención considera necesario unha vez máis como ven advértindo en anos anteriores, vista a escasa recadación por ICIO, que se proceda a aplicar con rigor as taxas e prezos públicos e especialmente en relación ó ICIO mediante a oportuna comprobación administrativa, que modificará, no seu caso, a base impoñible provisional, practicando a correspondente liquidación definitiva tendo en conta o custo real e efectivo dá mesma, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Considérase aconsellable cumprir as medidas previstas no plan de Saneamento aprobado ó abeiro do Real Decreto-Lei 5/2009, apartado II PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO, por acordo Plenario de data 24-07.09, no marco do Real Decreto-Lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos, caso contrario esta Corporación presentará un marco económico crítico ou de colapso, que fará imposible facer fronte ás obrigas



económicas adquiridas e futuras; situación que empezou a corrixirse co cumprimento do mesmo e medidas adicionais de austeridade do gasto para recuperar un aforro neto de nivel cero ou positivo, fundamentalmente o Plan de Axuste aprobado ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012 á vez que é necesario esforzarse por recuperar os niveis de ingreso corrente de exercicios anteriores.

É necesario sobre as medidas estruturais urxentes e de carácter extraordinario que aprobaranse no Plan de Axuste, acompañalas dunha forte disciplina fiscal, incrementando as medidas de contención/aforro do gasto corrente e a eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha moderación ou redución dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, recomendándose efectuar unha redimensión de persoal á baixa, en función das necesidades reais e da carga de traballo de cada área.

Volvése a incidir como o informe dos orzamentos do exercicios 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 que ditas medidas podéñse acompañar dunha política adicional de aforro enerxético, continuando coa redución dos puntos de luz a partir dunha hora determinada, substitución de bombillas por leds, substitución de equipos anticuados por outros máis modernos, redución de potencias ou a redución de material funxible dos servizos, tales como a impresión a dobre cara dos documentos, control das fotocopiadoras introducindo claves personais nas mesmas, aplicación estricta das taxas, en especial a ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, etc.

DÉCIMO NOVENA.- INVERSIÓNS.- Nos ingresos figuran as achegas previstas do POS + 2018.

Tamén cabe facer referencia como mellora da situación económica do Concello, que o Período Medio de Pago a Proveedores (PMP) foi no tercer trimestre do exercicio 2017 de 15,07 días.

BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DAS OPERACIÓNS DE CRÉDITO PREVISTAS :

CARGA FINACEIRA.- Á vista da liquidación do orzamento do exercicio 2016 (última aprobada) cunhos ingresos liquidados por operacións correntes de **6.289.265,91 euros** e o capital vivo previsto : operacións a longo prazo (tendo en conta operacións vixentes, tanto a corto como a longo prazo), a situación sería :

Situación da Entidade Local en términos de debeda viva coa liquidación 2016 (31-12-16) :

	DEBEDA VIVA TOTAL consolidada	3.086.410,78 €.
/	INGRESOS CORRENTES [Liq. 2016]	6.289.265,91€
=	% DEBEDA VIVA	49,07 %



Cabe concluir á vista dos resultados do exercicio 2016 e tendo en conta que a liquidación do exercicio 2017 está sen pechar, que nas principais magnitudes económico-financieiras e orzamentarias o **Concello de Ares mellorou a súa situación en tódolos aspectos amosando, a primeira vista unha situación estable e financieramente saneada e cunha execución orzamentaria equilibrada con superávit orzamentario**, pero dita situación vese matizada de xeito negativo pola operación de préstamo concertada ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, se ben o Plan de Axuste da resposta á nova situación, sendo necesario cumprir estrictamente o devandito Plan de Axuste acompañando o mesmo dunha forte disciplina fiscal, acudindo a incrementar as medidas de contención/redución do gasto corrente e da eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha redución dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, reordenando a estrutura de personal ao servizo da Entidade á vista da necesidade de **implantar a administración electrónica, plataforma TEDeC s sistema integrado de Rexistro (S.I.R.), así como a aplicación da nova Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/CE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014.**

Novamente por esta Secretaría-Intervención vólvese en relación as asignacións efectuadas ós grupos políticos aprobada na sesión Plenaria do día 25 de xullo de 2003 e na sesión de xullo de 2007, que de acordo coa Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e esencialmente a Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, hoxe en día recollido pola modificación efectuada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local, non poderanse destinar ditas cantidades ó pago de remuneración de persoal de calquera tipo ou servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial; e sen prexuízo de que sexa posta a disposición do Pleno da Corporación, volve ó igual que no informe ós orzamentos dos anos 2005, 2006, proxecto de orzamento de 2007, 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 a solicitar formalmente ós grupos políticos a contabilidade específica de dotación (excepto o BNG o cal presentou no rexistro da Corporación con data 16 de xaneiro de 2017 o balance económico do Grupo Municipal do BNG de Ares, ano 2016, como xa fixera en relazó ao exercizo 2015), contabilidade que a día de hoxe non foi entregada en relazón ós anos solicitados.

Insistir novamente na referencia ó Informe do Tribunal de Contas, remitido á Comisión Mixta Congreso-Senado para as Relacións co Tribunal de Contas, dado que en referencia a financiamento público dos Grupos Políticos Municipais, o apartado II do informe do Tribunal de Contas formula unha severa crítica a modificación ademais de fragmentar a unidade normativa en materia de financiamento de Partidos Políticos, coa conseguinte inseguridade xurídica que elo supón, incorpora un elevado marxe de indeterminación no límite cuantitativo desta modalidade de financiamento en cada Corporación Local, xa que soamente contempla a posibilidade de que as sucesivas Leis de presupostos Xerais do Estado establezan un límite, con carácter xeral, limitación que non foi recollida en ningunha das Leis aprobadas ata agora, e doutro lado non previuse ningún procedemento de fiscalización.

Aprobada a RPT do Concello de Ares, procede provistar regulamentariamente a praza de Intervención do Concello de Ares, dando por reproducidas as motivacións efectuadas nos orzamentos de anos pasados de forma reiterada (excesiva carga de traballo-imposibilidade material de adicar o tempo necesario, xestión e fiscalización económica-financieira máis eficaz; obrigatoriedade por imperativo legal de dispoñer de dito posto -DECRETO 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal- sendo de destacar que Concellos con menos orzamento e poboación dispoñen de dito posto : Mugar dos-Neda, etc.



Finalmente suliñar en relación ás expropiacións da EDAR que estase a aboar previa valoración do Xurado de Expropiación de Galicia; que é posible que a cantidade orzade sexa insuficiente para efectuar o abono das mesmas, estandose na fase final e pendente de realizar liquidacións cos Concellos de Fene e Mugardos en base ao convenio asinado cos mesmos para liquidar ditos pagos. Así mesmo hai que ter en conta a Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol de 29 de xuño de 2016 "Sasiain Brage Promociones SL" pendente de resolución no TSXG.

Na súa consecuencia, coas previsións que anteriormente quedan expresadas, coas excepcións efectuadas, a reservas do exposto anteriormente, que logrouse a xuízo do funcionario informante a efectiva nivelación do referido orzamento.

En Ares a 30 de Novembro do 2018

O Secretario,

Durante a segunda intervención do voceiro do BNG Sr. Mesías Farias, O Sr. Alcalde diríxese o Sr. Lage Fernández "si mantivera a educación e a compostura sería agradecido, me miras Ricardo porque me estou dirixinto a ti".

Resposta o Sr. Lage Fernández, que non sabía que se estaba dirixindo a el.

Intervén o Sr. Alcalde, si me estou dirixindo a ti, porque si polo menos mantemos a compostura cando falan os compañeiros, a min me fastidia pero non ando con risitas con ninguén.

Resposta o Sr. Lage Fernández, mentres a nosa voceira estaba falando vostede estaba falando co Sr. Secretario todo o tempo.

Intervén o Sr. Alcalde, porque lle tiven que preguntar o Sr. Secretario. Ti te estabas a rir, que non somos tontos, e agora tes risita porque eres un perfecto maleducado.

Resposta o Sr. Lage Fernández, moitas grazas e fagao constar en acta Sr. Secretario.

Na súa virtude, sometida a votación a aprobación do orzamento municipal 2018 e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON de Ares), 6 en contra (3 PP e 3-BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar con carácter inicial o orzamento para o exercicio de 2018 e plantilla de persoal e relación de postos de traballo.

Segundo.- De conformidade co art. 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo e 20 do RD 500/1990, de 20 de abril, someter a información pública mediante anuncio publicado no BOP polo prazo de quince días aos efectos de reclamacións e alegacións.

No caso de ausencia de reclamacións/alegacións o orzamento elevarase automaticamente a definitivo, publicándose o mesmo resumido por capítulos e cadro de persoal no BOP, sendo remitida copia á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.



RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE GASTOS


CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
1. OPERACIONES NO FINANCIERAS		
1.1 OPERACIONES CORRIENTES		
1	GASTOS DE PERSONAL	1.774.064,57
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	2.756.024,88
3	GASTOS FINANCIEROS	48.020,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	257.964,00
1.2 OPERACIONES DE CAPITAL		
6	INVERSIONES REALES	539.526,59
2. OPERACIONES FINANCIERAS		
8	ACTIVOS FINANCIEROS	12,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	623.000,00
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS ¿		5.998.612,04

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
1. OPERACIONES NO FINANCIERAS		
1.1 OPERACIONES CORRIENTES		
1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.966.029,00
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	50.000,00
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	1.442.020,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	2.193.964,63
5	INGRESOS PATRIMONIALES	2.706,00
1.2 OPERACIONES DE CAPITAL		
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	343.892,41
2. OPERACIONES FINANCIERAS		
8	ACTIVOS FINANCIEROS	
9	PASIVOS FINANCIEROS	
TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS ¿		5.998.612,04



BASES PARA A EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO

DO CONCELLO DE ARES.

CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO DO 2018.

CAPITULO 1.- NATUREZA DAS BASES E AMBITO DE APLICACIÓN.

A aprobación, execución e liquidación do Presuposto Xeral, así como o desenrolo da xestión económica xeral e a fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral, que regulan a actividade económica das Corporacións Locais, e polas presentes Bases de Execución do Presuposto, redactadas en virtude do disposto no artigo 164 do R.D.L 2/2004 de 5 de Marzo polo cal se aproba ó texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril.

BASE 1ª AMBITO DE APLICACIÓN.

De conformidade co establecido no Artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril, estas Bases só estarán en vigor durante a vixencia do Presuposto Xeral correspondente ó exercicio de 2018 e, no seu caso, durante a prórroga do mesmo.

CAPITULO II.- DO PRESUPOSTO XERAL E AS SUAS MODIFICACIONES.

BASE 2ª.- ESTRUCTURA PRESUPUESTARIA.

Para a confección do Presuposto aplícase a estrutura funcional-económica aprobada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

En consecuencia, os créditos incluídos no Estado de Gastos do Presuposto preséntanse co seguinte detalle:

Os créditos incluídos no Estado de Gastos do orzamento do Concello clasifícanse cos seguintes criterios:

Por Programas, distinguíndose: Área de Gastos, Política de Gastos e Grupos de Programas, Programas y Subprogramas.

Económico, distinguíndose: Capítulo, Artigo, Concepto, Subconcepto e Partida. Non se establece clasificación Orgánica.

As previsións do Estado de Ingresos do orzamento Xeral do Concello se clasificarán separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo coa clasificación por: Capítulos, Artigos, Conceptos e Subconceptos.

A partida presupostaria, que constitúe na expresión cifrada ó crédito presupuestario, ven definida pola conxunción das clasificacións por programas de gastos e económico de gastos.

O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto, realizaranse sobre a partida presupuestaria antes definida.

As previsións incluídas no Estado de Ingresos do Presuposto clasifícanse por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, segundo se detalla na orde Ministerial antes citada.

O Control fiscal realizárase a nivel de vinculación que se establece na Base 4ª.

BASE 3ª.- O PRESUPOSTO XERAL.



- 1.- O presuposto da Corporación, nivelado en gastos e ingresos, ascende no estado de ingresos e gastos a 5.998.612,04 €.
- 2.- As cantidades consignadas para gastos fixa, inexorablemente, o límite dos mesmo. Quen contraveña esta disposición será directa e persoalmente responsables do pago, sen prexuízo de que tales obrigacións sexan nulas con respecto ó Concello, de conformidade co disposto no artigo 173.5 R.D.L. 2/2004 de 5 de Marzo polo cal se aproba ó texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

BASE 4ª.- VINCULACIÓN XURÍDICA.

- 1.- Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal foron autorizados no Presuposto Municipal ou polas súas modificacións debidamente aprobadas, tendo carácter limitativo e vinculante. En consecuencia, non poderán adquirirse compromisos de gasto en contía superior ó importe de ditos créditos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar. O cumprimento de tal limitación verificarase ó nivel de vinculación xurídica establecida no apartado seguinte.
- 2.- Considérase necesario, para a adecuada xestión do Presuposto, establecer a vinculación dos créditos para gastos, que haberán de limitar, en todo caso, no que se refire á clasificación por área de gastos e o artigo para a clasificación económica.
3. No caso en que, existindo dotación presupostaria para un ou varios conceptos dentro do nivel de vinculación establecido, e preténdase imputar gastos a outros conceptos ou subconceptos do mesmo artigo, sen contas abertas na contabilidade de gastos públicos por non contar con dotación presupuestaria, non será precisa previa operación de transferencia de crédito, pero o primeiro dos documentos contables que se tramiten con cargo a tales conceptos, haberase de facer constar tal circunstancia mediante dilixencia nun lugar visible na que se indique: "primeira operación imputada ó concepto". En todo caso, haberá de respetarse a estrutura económica prevista pola Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro.

BASE 5ª.- MODIFICACIÓNS DE CREDITO.

- 1.- Cando sexa necesario a realización dun gasto para o que non exista consignación e exceda do nivel de vinculación xurídica, segundo establecido na BASE 4ª, tramitárase o expediente de Modificación Presupuestaria que proceda, dos enumerados nos artigos 34 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, con suxeición ás prescricións legais e ás particulares reguladas nestas Bases.
- 2.- Toda modificación do Presuposto esixe proposta razoable xustificativa da mesma, que valorará a incidencia que poida ter na consecución dos obxectivos fixados no momento da súa aprobación.
- 3.- Os expedientes de Modificación, que haberán de ser previamente informados polo Interventor, someteranse ós trámites de aprobación que se regulan nas seguintes Bases.

BASE 6ª.- CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS.

- 1.- Iniciaranse tales expedientes a proposta da Alcaldía, quen ordenará a tramitación do expediente que proceda, acompañando memoria xustificativa da necesidade de realizar o gasto no exercicio e da inexistencia ou insuficiencia de crédito no nivel a que este establecida a vinculación dos créditos.
- 2.- O expediente, que haberá de ser informado previamente polo Interventor, e ditaminado pola Comisión de Facenda, someterase á aprobación do Pleno da Corporación con suxeición ós mesmos trámites e requisitos que o Presuposto, séndolles de aplicación, asemade, as normas sobre información, reclamacións e publicidade do artigo 169 R.D.L. 2/2004 de 5 de Marzo polo cal se aproba ó texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



3.- O expediente deberá especificar a concreta partida presupuestaria a incrementar e o medio ou recurso, dos enumerados na Base anterior, que haberá de financiar o aumento que se propoña.

BASE 7ª.- CREDITOS AMPLIABLES.

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito, salvo os de Tesourería, todo elo de conformidade co disposto no artigo 39.1 do Decreto 500/1990.

A aprobación dos expedientes de ampliación de créditos, previo informe da Intervención, corresponderá á Alcaldía-Presidencia.

BASE 8ª.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO.-

1.- Poderá imputarse o importe total ou parcial dun crédito a outras partidas presupuestarias correspondentes a diferentes niveis de vinculación xurídica, mediante Transferencia de crédito, cas limitacións previstas nas normas contidas no (art. 180) R.D.L. 2/2004 de 5 de Marzo polo cal se aproba ó Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.- Os expedientes que se tramiten por este concepto iniciaranse a proposta da Alcaldía, previo informe do Interventor, aprobaranse por decreto do Presidente da Entidade Local, sempre e cando teñan lugar entre partidas do mesmo grupo de función, ou cando as baixas e as altas afecten a créditos de persoal. Tales expedientes serán executivos dende a data da súa aprobación.

En todo caso, a aprobación dos expedientes de transferencia entre distintos grupos de función corresponderá o Pleno da Corporación, salvo cando afecten a créditos de persoal, con suxeición ás normas sobre información, reclamacións e publicidade a que se refiren os artigos 169,170 e 171 do R.D.L 2/2004 de 5 de Marzo polo cal se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.- Os demais expedientes de transferencias de créditos iniciaranse a proposta da Alcaldía, previo informe do Interventor da existencia de crédito suficiente, aprobándose por Decreto do Presidente da Corporación, e serán executivos dende a data da súa aprobación.

BASE 9ª.- CREDITOS XENERADOS POR INGRESOS.

1.- Poderán xerar crédito no Estado de Gastos do Presuposto os ingresos de natureza non tributaria especificados no artigo 43 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril.

2.- Xustificada a efectividade da recadación dos dereitos ou a existencia formal do compromiso, ou o recoñecemento do dereito, segundo os casos, procederase a tramita-lo expediente, que se iniciará mediante proposta da Alcaldía. A súa aprobación corresponderá ó Presidente da Corporación, sendo preceptivo, en todo caso, informe previo do Interventor, no que se deixe constancia de:

- a) A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.
- b) Os conceptos de ingreso onde fora producido un ingreso ou compromiso non previsto no Presuposto inicial ou que exceda da súa previsión inicial e a súa contía.
- c) As partidas presupuestarias do Estado de Gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

BASE 10ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES.



1.- De conformidade co disposto no R.D.L. 2/2004 de 5 de Marzo polo cal se aproba ó texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e R.D. 500/1990, poderán incorporarse ós correspondentes créditos do Presuposto de Gastos do exercicio inmediato seguinte, sempre e cando existan para elo suficientes recursos financeiros:

- a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as transferencias, que foran concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio, e para os mesmos gastos que motivaron a súa concesión ou autorización.
- b) Os créditos que amparan os compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores.
- c) Os créditos por operacións de capital.
- d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados.

Os remanentes de crédito ós que se refiren os apartados a) e b) anteriores poderán ser aplicados soamente dentro do exercicio presupuestario seguinte e deberán contar con suficientes recursos financeiros.

2.- Os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ó exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización. Neste caso, non serán de aplicación as regras de limitación número de exercicios, si ben deberán de contar con suficientes recursos financeiros.

3. En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se líquida, salvo aqueles que estiveran financiados con recursos afectados.

4.- Si os recursos financeiros non alcanzan a cubrir o volume de gasto a incorporar, o Presidente, previo informe do Interventor, establecerá a prioridade de actuacións.

5.- As propostas de incorporación de remanentes tramitaranse a proposta da Alcaldía, informándose pola Intervención da existencia de recursos suficientes para facer posible a incorporación de créditos.

6.- Comprobado o expediente pola Intervención, e a existencia de suficientes recursos financeiros, elevarase o expediente ó Presidente da Corporación, para a súa aprobación mediante Decreto.

CAPITULO III.- EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO.-

BASE 11ª: ANUALIDADE PRESUPUESTARIA.

1.- Con cargo ós créditos do Estado de Gastos só poderán contraerse obrigacións derivadas de gastos realizados no exercicio.

2.- Non obstante, e con carácter de excepcionalidade, aplicaranse ós créditos do presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos do persoal, sendo ó órgano competente para o recoñecemento o Presidente da Corporación.



- b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos correspondentes créditos.

- c) As procedentes do recoñecemento extraxudicial, polo Pleno ou Alcaldía no respectivo ámbito competencial, de obrigacións adquiridas en exercicios anteriores, sen o cumprimento dos trámites preceptivos.

BASE 12ª.- FASES NA XESTIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS.-

1.- A xestión do Presuposto de Gastos realizarase a través das seguintes fases:

- a) Autorización do Gasto.
- b) Disposición ou compromiso do gasto.
- c) Recoñecemento e liquidación da obrigación.
- d) Ordenación do pago.

Ditas fase terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 do R.D. 500/1990.

BASE 13ª.- ACUMULACIÓN DE FASES.

De conformidade eco disposto no artigo 184 R.D.L. 2/2004 de 5 de Marzo polo cal se aproba ó texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e os artigos 67 e 68 do Real Decreto 500/1990, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.

Poderanse presentar polo tanto, as seguintes fases.

- Autorización-Disposición (AD).
- Autorización-Disposición-Recoñecemento da Obrigación (ADO).

O acto administrativo que acumule dous ou máis fases producirá os mesmos efectos que si ditas fases se acordaran en actos administrativos separados. En casqueira caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia, orixinaria, delegada ou desconcentrada, para acorda todas e cada una das fases que en aquel se inclúan.

BASE 14ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS.

Con cargo ós créditos do Estado de Gastos do Presuposto Municipal, a autorización e disposición dos mesmos corresponderá ós seguintes Órganos.

- O Pleno da Corporación, ou á Comisión de Goberno nos supostos de Delegación:

1.- Gastos de carácter plurianual no ámbito da súa competencia.

2.- Contratos de obras, servizos e suministros con duración superior a un ano ou que esixa créditos que excedan ós consignados no Presuposto.

3.- O recoñecemento extraxudicial de créditos e as operacións de concesión de quita e espera.

4.- O concerto de operacións de crédito

5.- Aqueles outros gastos derivados do exercicio da súa competencia.



- O Sr. Alcalde-Presidente:

- 1.- Gastos de carácter ordinario que se produzan de forma regular e periodicamente durante o exercicio.
- 2.- Gastos de persoal segundo ás normas que regulen os mesmos.
- 3.- Compra de bens correntes e servizos dentro dos límites da súa competencia.
- 4.- Intereses, amortizacións, comisións e outros gastos financeiros derivados da débeda..
- 5.- Contratos de obras, servizos e subministros que non sexan competencia do Pleno da Corporación.
- 6.- Apertura e cancelación de operacións de Tesourería.
- 7.- Aqueles outros gastos derivados do exercicio da súa competencia.
- 8.- Gastos de carácter plurianual no ámbito da súa competencia.

Os documentos contables relativos á autorización e disposición de gastos de competencia do Presidente da Corporación entenderanse debidamente cumprimentados ca firma do Presidente e coincidindo ca data da Resolución. Naqueles supostos en que a autorización ou disposición de gastos sexa competencia do Pleno Corporativo ou Comisión de Goberno farase unha anotación no documento "RC" ou "AD" da data é órgano de aprobación.

BASE 15ª.- RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

O recoñecemento e liquidación das obrigacións é o acto mediante o cal se declara a existencia dun crédito contra a Entidade, derivado dun gasto autorizado e comprometido, previa a acreditación documental, ante o órgano competente, da realización da prestación ou o dereito do acredor, de conformidade cos acordos que non seu día autorizaron e comprometeron o gasto.

- 1.- Recoñecemento das obrigacións, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente da Corporación.
- 2.- O recoñecemento e liquidación de obrigas requirirá, como trámite previo a presentación de factura polo provedor, na que a aprobación equivalerá que polo órgano competente se efectuou a comprobación obrigatoria da inversión para tódolos gastos non xustificadas documentalmente con certificación de obras, servizos ou subministros. A factura deberá cumprir as prescricións previstas no artigo 3º do Real Decreto 2402/1985, de 18 de decembro e consignará, no seu caso, o IVE repercutido.

Cando a comprobación da inversión preciso de coñecementos técnicos, a mesma farase por medio da certificación expedida por técnico competente. Tales certificacións acreditaranse que obra, servizo ou subministro realizouse con arrego as condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno da Corporación ou Alcaldía segundo o ámbito competencial. Cando no expediente tramitado o efecto se acreditará a existencia de crédito dispoñible nas partidas presupuestarias de aplicación, para facer fronte as obrigas derivadas de tal recoñecemento extraxudicial se delega na comisión de Goberno o acto material da aprobación do mesmo, todo elo de conformidade co establecido no Art. 60.2 en relación co 26.1.c do R.D. 500/1990 de 20 de abril.

BASE 16ª.- ORDENACIÓN DE PAGOS.



A ordenación de pagos de aquelas obrigacións previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente da Corporación. As ordenes de pago deberán acomodarse ó plan de disposición de fondos que se estableza polos ordenadores de pagos, tendo prioridade en todo caso os gastos de persoal e as obrigacións contraídas en exercicios anteriores.

O pago materia xustificarse pola Tesourería mediante o "recibín" do perceptor ou orde transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola Entidade financeira.

BASE 17ª.- XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGO.

Non poderán expedirse ordes de pago sen que previamente se acredite documentalmente diante do órgano competente para recoñecer obrigacións, a realización da prestación ou o dereito do acredor e todo elo de conformidade cas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do Gasto.

BASE 18ª.- GASTOS PLURIANUAIS.

Poderán adquirirse compromisos de gastos con extensión a exercicios futuros para financiar inversións e transferencias de capital, sempre que a súa execución se inicie neste exercicio e que o volume total para os gastos comprometidos para os catros seguintes, non superen os límites legalmente establecidos no artigo 82 do R.D. 500/1990 da suma de créditos iniciais consignados en cada artigo. Como requisito previo á súa autorización, deberá certificarse polo Interventor que non se superan os límites establecidos.

BASE 19ª.- GASTOS DE PERSOAL.

O pago de toda clase de retribucións ós funcionarios e o demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual, a cal cumprirá a función de documento "O" e pecharáse o día 20 de cada mes e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data causarán efecto na nómina do mes seguinte.

Tódolos haberes do persoal que figuran na nómina única serán pagados pola entidade bancaria designada ó efecto pola Presidencia.

O pago efectuarase por dita entidade bancaria mediante abono na conta de dita entidade ou de outra que teña sido elixida polo preceptor. O pago, nestes casos, xustificarse co documento acreditativo do abono ou da orde de transferencia da entidade ca que se teña concertado o servizo de pago de haberes.

Os conceptos retributivos serán os que determina a lexislación vixente na contía aprobada polo Pleno da Corporación. As pagas extras serán dúas ó ano nos termos previstos na lexislación básica do Estado, e aboaranse nas mensualidades de xuño e decembro (esta última aboaráse conxuntamente coa nómina do mes entre os días quince e vinte de decembro).

Nos termos do II acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Ares (BOP núm. 60, do 13-03-1996), do Convenio Colectivo do Persoal ao servizo do Concello de Ares aprobado na sesión plenaria do día 28 de novembro de 2013, do artigo 165.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo cal aprobábase o Texto Refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007 do 12 de abril) e do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo); o persoal funcionario, eventual e laboral fixo, indefinido e temporal poderá solicitar un anticipo reintegrable da súa nómina ao longo do exercizo a reintegrar sen intereses na nómina de decembro do mesmo ano.



Como máximo soamente poderáse pedir nun ano natural dous anticipos, e en todo caso non poderá concederse un novo mentras tanto en canto no esté cancelado o anterior.

No suposto de persoal laboral temporal ou eventual, deberáse acompañar á petición compromiso/autorización para cancelar a cantidade pendente anticipadamente con cargo ao último mes ou nómina pendente de cobrar, caso de extinción do contrato laboral.

A tal efecto autorízase unha habilitación orzamentaria para dito concepto.

Coa entrada en vigor da RPT aprobada con carácter definitivo na sesión plenaria do día 30 de xaneiro de 2017 (BOP núm. 62 de 31-03-2017), a mesma aplicarase ao sistema retributivo coa actualización das táboas cos incrementos salariais previstos para o sector público nas leis de orzamentos xerais do Estado repectivas coas previsións da Lei 3/2017, do 26 de xuño : 1% e futura Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 cunha previsión do 1,5 %. E, nos termos do punto quinto do devandito acordo a efectos de garantir o mantemento do nivel salarial de tódolos traballadores do Concello de Ares, se respetan os dereitos retributivos adquiridos e consolidados con anterioridade. Deste xeito, nos casos en que como resultado dun proceso de valoración incorporado na RPT, se poidera producir unha minoración das retribucións percibidas con anterioridade por parte dos seus ocupantes, e que sexan propias e fixas do posto/praza desempeñado, estes terán dereito ao mantemento das mesmas, mediante a percepción dun complemento persoal de carácter non absorbible, na contía que sexa necesaria para respectar os seus dereitos económicos adquiridos e consolidados. A presente cláusula de mantemento das condicións retributivas terá carácter persoal, e a súa aplicación vincularase unicamente aos ocupantes actuais dos postos, e actualizándose igualmente nos termos previstos nas respectivas leis de presupostos Xerais do Estado anualmente para os demais conceptos retributivos. Os novos ocupantes percibirán as retribucións derivadas da valoración incluída na RPT, que serán as propias do posto.

BASE 20ª.- DIETAS E INDEMNIZACIÓNS.-

Os gastos de locomoción e indemnización-dietas dos membros da Corporación será o seguinte:

- Comisión de servizos con dereito a indemnización de duración inferior a 24 horas, con independencia da hora de saída e regreso 46,46 Euros (Saída fora do termo municipal)
- Comisión de servizos con dereito a indemnización superior a 24 horas, con independencia da hora de saída e regreso: As sinaladas no R.D. 462/2002, ó 100% (Revisado por Orde de EHA/3771/2005, de 2 de decembro e Resolución de 2 de decembro de 2005).
- Indemnizacións por gastos de viaxe: As sinaladas no R.D. 462/2002. (Revisado por Orde de EHA/3771/2005, de 2 de decembro e Resolución de 2 de decembro de 2005).

Nos termos previstos no respectivo acordo substantivo aprobado na sesión plenaria do día 22 de xullo de 2003, á vista da nova redacción que a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e especialmente a Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e outras medidas para o desenrolo do Goberno Local, en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial en materia de augas, e a Lei 14/2000, de 29 de decembro, de Medidas Fiscais, administrativas e de orden social, dan á Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e o Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o seguinte réxime de asistencias, indemnizacións, recoñecemento de radicacións exclusivas e parciais queda do seguinte xeito:

A) ASISTENCIAS:



Os membros da Corporación excepto os que teñan recoñecida dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes cantidades por asistencias a órganos colexiados, para o desempeño da súa función:

- Por sesión do Pleno da Corporación: 65,65 Euros.
- Por sesión da Comisión de Goberno: 202,03 Euros.
- Por sesión de Comisión Informativa: 51,51 Euros.
- Por sesión da Mesa de Contratación: 52,51 Euros. (Pres+Vogais +Secret). *(foro de xorxede noroeste do res. do)*
- Por sesión Xunta de Portavoces: 65,65 Euros.

B) ADICACIÓNS EXCLUSIVAS:

Para supostos de ausencia do Alcalde, o substituto percibirá 46,00 Euros día.

- Concellería-Delegación de "Muller, Infancia, Sanidade e Servizos Sociais e Emprego" : 25.250 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.
- Concellería-Delegación de "Urbanismo, Equipamentos, Infraestructuras e Medio Ambiente : 25.250,00 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.
- Concellería-Delegación de Turismo, Industria, TIC'S e Xuventude : 25.250,00 euros pagadoiros en 14 mensualidades.

C) ASIGNACIÓN OS GRUPOS MUNICIPAIS:

- Asignarase ós Grupos Políticos Municipais unha dotación económica polo importe total de 20.200,00 Euros.

Dita asignación terá dous compoñentes: un compoñente fixo do 50% da asignación total a repartir entre tódolos grupos identicamente (10.000,00 Euros), e un compoñente variable (o restante 50%) a repartir en función do número de membros de cada grupo político (10.000,00 Euros).

Ditas cantidades non poderán destinarse ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou á adquisición de bens que ponderan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

C) REVISIÓN DAS CONTÍAS:

As contías asignadas coma asistencias, indemnizacións e retribucións por dedicación exclusiva ou parcial, experimentaran anualmente o incremento que as leis xerais de presuposto do Estado establezan para o sistema retributivo dos funcionarios públicos.

BASE 21ª.- SUBVENCÍONS.

Xustificación das actividades e pagamento das subvencións ou axudas.



- 1.- A xustificación das subvencións ou axudas que teñan por finalidade realizar actividades de calquera natureza que xeren gastos de persoal se xustificarán mediante facturas, nóminas ou recibos, e os gastos de material non inventariable, coas correspondentes facturas. En émbolos casos poderase presentar fotocopias debidamente compulsadas.
- 2.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos correntes, xustificaranse mediante facturas orixinais de gasto ou fotocopias debidamente compulsadas.
- 3.- En todo caso, débese presentar unha certificación do representante da entidade subvencionada, de ter cumprida a finalidade da subvención ou axuda, mediante a realización das actividades para as que foi concedida.
- 4.- O prazo de xustificación rematará o día 31 de decembro de cada exercicio, podendo ser prorrogado ata un máximo de 45 días naturais por pedimento razoado do solicitante ou de oficio, acordado polo Concelleiro-Delegado responsable da área. As facturas posteriores de decembro, poderán ser aportadas como xustificante no exercicio seguinte.
- 5.- Para o pagamento da subvención ou axuda concedida, será requisito inescusable que os conceptos dos xustificantes de gastos se axusten á finalidade para a que foi concedida a mesma, debéndose achegar no seu caso relación detallada das subvencións ou axudas recibidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para a mesma finalidade ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade.

En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos as cantidades satisfeitas ó Concello, polo uso das súas instalacións deportivas, culturais ou ocupación de dominio público municipal.

6.- Á vista da documentación xustificativa presentada, o Concelleiro-Delegado responsable da área, estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, quedando facultado para no suposto de que coa concorrencia de subvencións ou axudas con outras Administracións ou entidades públicas ou privadas, o importe total das mesmas supere o 100 por 100 da actividade realizada, sendo minorada ata chegar a dita porcentaxe entre tódalas subvencións ou axudas recibidas.

O aboamento da subvención ou axuda materializarase mediante ingreso na conta bancaria da entidade financeira sinalada polo beneficiario na documentación achegada.

7.- Vencidos os prazos e prórrogas para a xustificación das actividades, sen que o beneficiario da subvención teña xustificado o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, perderá o seu dereito a esixila e a Comisión de Goberno procederá a anula-lo correspondente compromiso, o cal será debidamente notificado ó interesado.

8.- As colaboracións co desenrolo de actividades organizadas polas distintas Comisións de Festas, deberán ser solicitadas por escrito por un representante da citada Comisión cun mes de antelación e serán valoradas e aboadas directamente polo Concello ós distintos provedores.

As subvencións abonaranse unha vez realizada a actividade obxecto da petición, previa presentación da seguinte documentación:

- A) Facturas orixinais ou compulsadas, ou en calquera caso xustificantes de haber efectuado o gasto, por un importe, cando menos, do dobre da cantidade concedida.
- B) Memoria resumida do desenvolvemento da actividade.
- C) Declaración por parte da entidade ou asociación de ter cumpridos os obxectivos para os que foi solicitada a subvención.

9.- Subvenciones nominativas :



- Clube náutico : 2.400 €.
- Numancia : 2.200 €.
- Wind zona Norte : 600 €.
- Bimares: 600 €.
- Tenis de Redes: 500 €.
- Club Marítimo de Redes: 400 €.
- Xabre : 600 €.
- Asociación Cabaleiros Ares : 600 €.
- Moteiros da terra meiga : 600 €.
- C.C. Outeiro : 900 €.
- Alfombras Florais : 2.500 €.
- Ampa Ramón Pimentel : 200 €.
- Asociación Instructiva de Caamouco : 900 €.
- Asociación Mulleres Concepción Arenal : 200 €.
- Casino Aresano : 900 €.
- Cofradía Jesús Nazareno : 900 €.
- Asociación Amas de Casa : 200 €.
- Grupo baile e música tradicional Ares do Mar : 300 €.
- Asociación Amigos de Mosteiro Sta. Catalina : 400 €.
- CIRS de Cervás : 900 €.
- Grupo de Gaitas Aresán : 300 €.
- Banda gaitas Ría de Ares+Tarabelliñas canteiras : 450 €.
- Banda gaitas Trouleada : 300 €.
- AMPA Galiña Azul : 200 €.
- Asociación Cultura Cova do Trasnó : 350 €.
- Asociación veciñal de Chanteiro : 250 €.
- Asociación Cultural Xábrega : 600 €.
- Rondalla Trovadores : 2.200 €.
- Comisión de festas do Rosario de Lubre : 1.500 €.
- Comisión de festas San Roque de Ares : 2.200 €.
- Comisión de festas San Pedro de Cervás : 700 €.
- Comisión de festas da Merced de Chanteiro : 700 €.
- Comisión de festas do Carne de Redes : 700 €.
- Festas de S. Vicente : 100 €.
- Comisión festas Carmen Ares : 2.200 €.
- Sociedade Cultural O Tilo : 450, €.

BASE 22.- DA TESOURERÍA.

Constitúe a Tesourería da Entidade o conxunto de recursos financeiros do Ente Local, tanto por operacións presupuestarias coma non presupuestarias. A Tesourería rexese polo principio de Caixa Única.

BASE 23.- RECOÑECIMENTO DE DEREITOS.

Procederá o recoñecemento de dereitos tan pronto como se coñeza a existencia dunha liquidación a favor da Entidade. A estes efectos, fiscalizada a liquidación de conformidade, procederase á súa aprobación e, simultaneamente, ó seu asentamento na contabilidade, de conformidade cas seguintes regras:



- a) Nas liquidacións de contraído previo e ingreso directo, contabilizarase o recoñecemento do dereito cando se aprobe a liquidación de que se trate.
- b) Nas liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo, contabilizarase no momento de aprobación do Padrón. No caso de recursos administrados por outros Entes Públicos, debe recoñecerse o dereito no momento de ter recoñecemento, ben por habelo por haber recibido polo Xestor ou ben por habelo comunicalo documentalmente.
- c) Nas autoliquidacións e ingresos sen contraído previo, cando se presenten e se efectúe o ingreso polo seu importe. A estes efectos autorízase a ó interesado a efectuar autoliquidación, efectuándose preceptivamente dita autoliquidación nas taxas por ocupación de vía pública e ocupación con vallas e andamios.
- d) No suposto de subvencións ou transferencias a percibir de outras administracións, entidades ou particulares, condicionadas ó cumprimento de determinados requisitos, contabilizarase o compromiso no momento do acordo formal.
- e) A participación en Tributos do Estado contabilizarase trimestralmente, en forma simultánea, o recoñecemento e cobro da entrega.
- f) Nos préstamos concertados, a medida que teñan lugar as sucesivas disposicións, contabilizarase o recoñecemento de dereitos e o cobro das cantidades correspondentes.
- g) Nos supostos de intereses e outras rendas, o recoñecemento do dereito orixinarase no momento do cobro.

BASE 24.- CONTROL DA RECADACIÓN.

1. O Control da Recadación corresponde á Tesourería, que deberá establecer o procedemento para verificar a aplicación da normativa vixente en materia recadatoria, así como o reconto de valores.
2. En materia de anulacións, suspensións, aprazamentos e fraccionamentos de pago aplicarase a normativa contida da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei Xeral Tributaria e Disposicións que a desenrolen, Regulamento de Recadación, Lei Xeral Presupuestaria e Bases de Execución do Presuposto.

BASE 25.- OPERACIÓNS DE CREDITO.

Neste exercicio económico non se ten previsto concertar operacións de préstamo.

BASE 26.- PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DE BAIXAS XUSTIFICADAS DE DEREITOS E OBRIGAS PERTENCENTES Á AGRUPACIÓN DE PRESUPOSTOS PECHADOS.

1. Cando, como consecuencia da aplicación do novo sistema contable, se poña de manifesto a necesidade de tramitar expedientes para a anulación ou baixa de dereitos e obrigacións recoñecidas e liquidadas pertencentes á agrupación de Presupostos Pechados, as mesmas someteranse con carácter xeral o seguinte procedemento de tramitación:



- Proposta motivada e detallada das baixas, elaborada pola Comisión de Facenda.
 - Ditame da Comisión Especial de Contas.
 - Exposición ó público polo prazo de quince días hábiles, a través de edicto no Boletín Oficial da Provincia.
 - A aprobación definitiva polo Pleno da Corporación.
2. O procedemento previsto no punto anterior aplicarase nos seguintes supostos:
- a) As modificacións do saldo inicial das obrigacións recoñecidas e/o pagos ordenados, cando estean orixinados por:
- Baixas ou anulacións debidas ó cambio de criterio contable.
 - Prescricións.
- b) As modificacións de saldo inicial dos dereitos pendentes de cobro, cando esten orixinados por:
- Cambio de criterio contable.
 - Prescrición.
 - Anulacións de liquidacións por razón da contía en base ó disposto no art. 41.3 do Texto Refundido da Lei Xeral de Presupostaria.
3. Nos demais supostos, as anulacións ou baixas de dereitos ou obrigacións incluídos na agrupación de presuposto cerrados tramítaranse a partires dun informe de intervención, e a súa resolución corresponderá ó Presidente da Corporación.

BASE 27: AUTOLIQUIDACIÓNS.-

As ocupacións de vía pública con mercancías e escombros, vaías e andamios liquidaranse en réxime de autoliquidación.

BASE 28 : FACTURA ELECTRÓNICA. TRAMITACIÓN.-

1- En cumprimento da obriga deste Concello de dispor dun Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas para permitir a presentación electrónica de todas as facturas e outros documentos emitidos polos provedores e contratistas, implantar e habilitar o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas do Concello de Ares a través da seguinte dirección **url: face.gob.es**, accesible a través da propia dirección (O Concello de Ares está adherido ó RCF (Rexistro Contable de Facturas Automatizado de entidades adheridas ao sistema contable da Deputación Provincial de A Coruña).

2- Estarán obrigados a facturar electronicamente todos os provedores que entreguen bens ou prestado servicios a este Concello desde o 15 de xaneiro de 2015 e en concreto, tal e como dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público:

- Sociedades anónimas.
- Sociedades de responsabilidade limitada.
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- Unións temporais de empresas.
- Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.



En virtude da potestade regulamentaria conferida de acordo co apartado segundo do referido artigo, estarán excluídas da obrigaón de facturar electronicamente a este Concello as facturas de ata un importe de cinco mil euros (5.000,00 €.), impostos incluídos.

Determinase por este Concello establecer este importe, incluíndo impostos de conformidade co criterio da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa nos seus Informes 43/2008, de 28 de xullo de 2008 e 26/2008, de 2 de decembro de 2008 dispón que o prezo do contrato debe entenderse como o importe íntegro que pola execución do contrato percibe o contratista, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Igualmente quedan excluídas das facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos devanditos servizos.

3- Os códigos DIR3 deste Concello, de acordo coa súa estrutura organizativa, son:


- Código da oficina contable: L01150047 SERVICIOS ECONÓMICOS.
- Código do órgano xestor: L01150047 AYUNTAMIENTO DE ARES.
- Código da unidade de tramitación: L01150047 TESORERIA.

Os pregos de cláusulas administrativas de todos os concursos que publique este Concello deberán conter esta codificación, que será indispensable para a remisión de todas as facturas electrónicas.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas inicialmente asignou a todas as Entidades Locais os 3 códigos DIR3, sendo o mesmo código para o código de entidade, o da unidade de tramitación e o da oficina contable. Por tanto, os 3 códigos DIR3 son idénticos.

BASE 29 : ACTUALIZACIÓN CANTIDADES APROBACIÓN ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO 2018.

- A) Nos termos da Base 20º, letra C) "Revision das contías", as contías asignadas en concepto de asistencias, indemnizacións e retribucións por adicacións exclusivas experimentarán no presente exercizo o correspondente incremento nos termos que prevea a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercizo 2018 ou norma habilitante que se aprobe na mesma contía que o incremento que dita Lei ou norma estableza como incremento salarial para o persoal ao servizo do Sector público ao que lle sexa de aplicación o réxime retributivo previsto no ámbito previsto artigo 76 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de 2 de agosto LMRFP.
- B) O sistema retributivo do persoal ao servizo da Corporación por aplicación do artigo 76 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e incluído no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de 2 de agosto LMRFP referido na prantilla e cadro de persoal nos termos da en vigor Lei de 3/2017, de 27 de xuño de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, actualizaráse nos termos que se prevean na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 ou norma legal habilitante.



CADRO DE PERSOAL-2018

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Categoría	Prog	Núm	Grupo	Subgr	Escala	Situación
Secretario	920	1	A	A1	H. Nacio.	Propiedade
Interventor	934	1	A	A1	H. Nacio.	Vacante
Tesoureira-Administrativo	934	1	C	C1	Ad. Xeral	Propiedade
Administrativo	920	4	C	C1	Ad. Xeral	Propiedade
Oficial Xefe Policía Local	132	1	C	C1	Ad. Espec.	Propiedade
Policía Local	132	2	C	C1	Ad. Espec.	Propiedade
Psicólogo/a	231	1	A	A1	Ad. Espec.	Propiedade
Trabador/a Social	231	1	A	A2	Ad. Espec.	Propiedade
Arquitecto Técnico	151	2	A	A2	Ad. Espec.	Propiedade
Axente desenrolo local	241	1	A	A2	Ad. Xeral	Propiedade
Auxiliar Biblioteca	334	1	C	C2	Ad. Espec.	Propiedade

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Categoría	Prog	Núm	Titulacion	Situación
Director Técnico Deportivo	341	1	Lic. INEF	Propiedad
Capatáz	453	1	Est. Prim	Propiedad
Chófer vehículos municipais	453	1	Est. Prim	Propiedad
Oficial 1ª	453	4	Est. Prim	3 Prop.1 vac
Conserxe C.P.I. Conde Fenosa	323	1	Est. Prim	Propiedad
Limpadoras	920	3	Est. Prim	Propiedad

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Categoría	Prog	Núm	Titulacion	Situación
Educadora Social	231	1	Diplom.	Temporal
Auxiliar Advo.	231	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Ludoteca	323	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Urbanismo	151	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Servizos Ec.	934	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Servizos Xer.	920	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Sec. Xulgado T/parcial	920	1	ESO	Temporal
Auxiliares Policía Local	132	4	ESO	6 meses
Auxiliar Centro 3ª idade	231	1	ESO	Temporal
Peón Maquinaria	453	1	Est.Prim	Temporal
Axente Telecentro	334	1	Bach/FP2	Tempora l
A.D.L.	241	1	Diplom.	Temporal
Advo.-Oficial 1ª S.X.Auga	161	1	Bach/FP2	Tempora l
Oficial 1ª S.X.Auga	161	1	Est.Prim	Temporal
oficial 3ª S.X.Auga	161	1	Est.Prim	Temporal

D) PERSOAL EVENTUAL-CONFIANZA

Categoría	Prog	Núm.	Titulacion	Situación
Auxiliar Administrativo Alcaldía	912	1	ESO	Temporal



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e vintetres minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO

